Tolemia en Galicia: medicina tradicional galega e biomedicina.

(Unha introducción á Antropoloxía Médica en Galicia).

Manuel Torres Cubeiro



F 1: J. Nachwey. Magnum photos (Zardoya) EN E.González Duro; *Historia de la locura en España. Tomo III: Del reformismo del siglo XIX al franquismo*. Ed. Temas de Hoy, Madrid 1996.

ÍNDICE:

Introducción:.....3
Conceptos previos:.....4
[1] Antropoloxía cultural (cultura / sociedade; holismo, relativismo).....4
[2] ANTROPOLOXÍA MÉDICA (sistema médico, biomedicina, medicina popular galega): 7
[3] Antropoloxía médica de Galicia (Medicina popular galega; o meigallo / mal de ollo; A Romería do Corpiño).....8
[4] A psiquiatría (conceptos básicos: enfermedade mental; tolemia; historia).....10
Tres casos de tolemia en Galicia:.....12
Pilar (29 anos; Anorexia; Maniaco-depresiva).....12
Eva (29 anos, Meigallo; Romeria do Corpiño).....13
Roberto (67 anos, maniaco depresivo).....17
Tolemia en Galicia: análise cultural dos casos.....18
Glosario:.....19
Bibliografía:.....21

INTRODUCCIÓN:

Ista actividade para 1º de Bacharelato se desenvolve en tres pasos.

Primeiro céntrase nos conceptos básicos da Antropoloxía Cultural como ciencia e da Antropoloxía Médica en Galicia. Cada concepto ven introducido por unha pequena explicación e algúns textos para comentar. Os conceptos están ordeados secuencialmente de menor a maior dificultade. Se parte dos conceptos de cultura e sociedade para entender o relativismo e o holismo como bases da Antropoloxía cultural. A continuación entramos no campo da Antropoloxía Médica, definindo os conceptos de Sistema Médico, de Biomedicina e de Medicina Popular Galega. Finalmente nos centramos na Psiquiatría Occidental e nalgúns datos sobre Galicia e a súa medicina popular.

Na segunda fase expóñense varios casos en forma biográfica de tolemia recollidos en Galicia. Tódolos casos presentados son reais e recollidos nos últimos anos en Galicia. Modíficáronse tódolos datos e nomes para protexer a súa identidade. Nalgún deles faise unha mezcla de varias biografías para contruir un tipo ideal por razóns expositivas.

Finalmente faise unha aplicación dos conceptos aos casos presentados, subraiando os elementos que permiten unha comprensión plena do caso individual no seu contexto cultural.

Inclúese unha bibliografía básica e un pequeño glosario simplificado dos conceptos fundamentais.

Ista actividade esta pensada para os alumnos de Filosofía de 1º de Bacharelato. No curriculum oficial da materia de filosofía está incluido o concepto de cultura en varios apartados. A práctica docente constata a dificultade que conleva romper coa cosmovisión da cultura, calquera, na que fumos educados. A tolemia, a enfermedade mental ofrecen un campo perfecto para axudar na ruptura e relativización no etnocentrismo. A tolemia se sitúa sempre nos límites do normal, cuestionándo a normalidade desde dentro. Por estas razóns, esta actividade aporta materiais para traballar, con exemplos concretos, sacados da vida cotidiá dos nosos alumnos, os conceptos abstractos. Pretende ademais colaborar na construcción dunha mirada completa e crítica a enfermedade mental, dos métodos tradicionais de encarala e a psiquiatría.

CONCEPTOS PREVIOS:

[1] ANTROPOLOXÍA CULTURAL (CULTURA / SOCIEDADE; HOLISMO, RELATIVISMO).

A Antropoloxía Cultural é unha disciplina que explica e comprende o ser humano como ser social e cultural. Partindo do feito de que os seres humanos necesitan o grupo para sobrevivir, rasgo adquirido na evolución da nosa especie, os antropólogos estudian CÓMO a cultura moldea aos seres humanos. Para elo estudian a CULTURA dun grupo humano como un TODO RELATIVO ó propio grupo.

Dependendo do grupo social e cultural no que nacemos aprendemos unhas cousas e non outras. Por exemplo, bioloxicamente estamos capacitados para percibir unhas determinadas loxitudes de onda que identificamos como cores con nomes diferentes nas distintas linguas. Un esquimal aprende sen embargo a diferenciar vinte cores na lonxitude de onda que nós chamamos branco, ou un habitante da Amazonia diferencia ata quince verdes diferentes, cada un cunha palabra. Nós por exemplo somos capaces de diferenciar moitos tipos de calzados según a súa marca: nike, adidas, etc. Ou en virtude da diferencia sexual (macho / femia) cada sociedade constrúe diferentes formas de ser home e muller: a muller independente do século XX / muller nai e traballadora doméstica non remunerada / muller recolectora dos bosquimanos.

Para un antropólogo o home é un animal social. Nacemos nun grupo: unha banda, unha tribu, un clan, nunha rexión, nun país… Non somos o único animal que vive en grupo, pero o home está especialmente condicionado ó grupo pola súa bioloxía: ó nacer necesitamo-lo grupo para a supervivencia. O home está máis indeterminado ó non ter instintos. O cal implica que, ó non estar determinado instintivamente ten máis alternativas, e polo tanto unha maior liberdade; pero tamén significa a dependencia do grupo para poder sobrevivir. Os cambios biolóxicos e xenéticos na evolución fixeron de nós seres que precisan dunha cultura para sobrevivir. *O ser humano é, por bioloxía, un animal cultural*. A cultura supón unha emancipación do biolóxico, somos a única especie animal adapatada culturalmente a tódolos medios ecolóxicos do planeta. A cultura e a sociedade son os maiores logros da nosa evolución natural como especie.

Pero temos que definir ben o CONCEPTO DE CULTURA. Cultura ven do latín *colo* e significa cultivo. Cultura é por extensión o cultivo da mente e das actividades eminentemente humanas. Cultura é a forma peculiar que ten a especie humana de adaptarse ó medio natural e social, é a súa forma de supervivencia. Unha SOCIEDADE é un sistema de relacións que conectan un grupo de individuos entre si (estudiada pola socioloxía). A CULTURA é o modo de vida dos homes dunha sociedade, definido polos valores, costumes, normas, bens materiais e crenzas que eses homes comparten (a antropoloxía cultural céntrase no seu estudio). Dada a cantidade de medios sociais e naturais ós que se adaptou a especie humana desde o paleolítico, non existe unha soa cultura senón unha grande DIVERSIDADE CULTURAL. A cultura humana é ademais SIMBÓLICA (baséase na capacidade lingüística da especie), APRENDIDA (require o proceso de enculturación e socialización dos novos membros), e HISTÓRICA (temos conciencia do tempo). As culturas foron evolucionado ó longo do tempo: desde o paleolítico, no que construímos instrumentos de pedra; pasando polo neolítoco e as idades sucesivas de bronce e ferro; polas distintas civilizacións comerciais do mediterrano ata as culturas grega e romana; ata a sociedade feudal primeiro e ata o capitalismo en última instancia (por nomear só as culturas máis influintes no desenrolo de Europa).

COMENTARIO DE TEXTO (CONCEPTO DE CULTURA):

TEXTO 1:

"A cultura... no seu sentido etnográfico amplio, é ese todo complexo que comprende coñecementos, crenzas, arte, moral, dereito, costumes e calesquera outra

capacidade e hábito adquirido polo home en tanto membro da sociedade." (TYLOR, Harris 1981:123)

PREGUNTAS GUÍA:

1. Fai unha lista de tres elementos da cultura galega de cada unha das categorías sinaladas por Tylor.
2. Compara a túa lista coa de outra cultura.

TEXTO 2:

"A cultura é un sistema de comportamento que comparten os membros dunha sociedade. Unha sociedade é un grupo de persoas que participan dunha cultura común" Horton-Hunt.

PREGUNTAS GUÍA:

1. ¿Cal é diferencia entre os conceptos de sociedade e cultura?
2. ¿ Todos os membros dunha mesma sociedade teñen a mesma cultura?

TEXTO 3:

"A cultura é a resposta que o home da as súas necesidades básicas. A cultura é o modo que o home ten de situarse no mundo. É o comportamento aprendido no seno dunha sociedade. Podemos defini-la cultura como o modo de vida dun pobo, como o medio que un grupo de seres humanos ocupando un territorio común creou a través das súas ideas, das súas institucions, dos seus utensilios, do seu idioma, das súas ferramentas e dos seus sentimentos…

A cultura se identifica ata tal punto coa propia vida que podríamos dicir con toda xustiza que a cultura non se impone á vida senon que é un alongamento da vida. Do mesmo modo que unha ferramenta amplía e extende as posibilidades da man ca utiliza, a cultura mellora e enriquece as posibilidades vitais do ser humano". Montagu 1970 : p. 146.

PREGUNTAS GUÍA:

1. ¿Cales son as necesidades básicas do ser humano?
2. ¿De que modo son as necesidades básicas satisfeitas pola cultura galega? So o entenderas se as comparas con outra cultura diferente.
3. Según o texto: ¿qué lle aporta a bioloxía o ser humano? ¿E a súa cultura?

Unha cultura é un TODO, cun sentido do tempo e do lugar no que foi creada; pero ó mesmo tempo é RELATIVA, relativa ó seu tempo e ó seu nicho ecolóxico. Para comprender calquer costume, relixión, técnoloxía, etc. temos que aplicarlle os dous principios básicos da Antropoloxía Cultural: o HOLISMO (de *holos*=todo) e o RELATIVISMO.

O holismo establece que unha cultura é un todo integrado con sentido. Cada parte duna cultura ten sentido no contexto social e natural no que apareceu. De tal xeito que non podemos pensar que é irracional non come-las vacas nun país tan pobre como a India sen entender ese costume na historia, no nicho ecolóxico, nas crenzas nas que xurdiu (no todo cultural no que xurdiu). É dicir, non podemos pensar que un costume, crenza ou norma é un sinsentido sen contextualizala na súa cultura.

O relativismo é unha defensa contra o ETNOCENTRISMO CULTURAL trasmitido por cada cultura e sociedade. Os humanos somos socializados sen apenas darnos conta. A socialización e a enculturación (a aprendizaxe dunha cultura) fannos pensar e actuar como se os nosos costumes, valores, normas, etc. foran ós únicos válidos e que polo tanto os das outras cultura estivesen equivocados. Se por exemplo nos atopamos cun home que come arañas ou cunha muller que expresa á súa dor ante a morte dun ser querido coa cor branca das súas vestiduras e cunha sonrrisa, non deberíamos pensar que están tolos. Un costume, unha creenza, unha norma, etc. é relativa a cultura na que xurdiu. O relativismo é polo tanto a consecuencia de acepta-la diversidade e o idéntico valor das diversas culturas creadas na especie humana. Un

famoso antropólogo norteméricano exprésao moi claramente: “Comprende-la cultura dun pobo supón capta-lo seu carácter normal sen reduci-la súa particularidade” (C.Geertz, *A interpretación das culturas)*. Unha cultura é un TODO que permite a identificación dos seus membros; é algo vivo que permite ós seus membros sentirse e definirse como persoas.

Cun exemplo podemos entendelo mellor. Unha tribu da Amazonía tiña unha palabra para designa-lo seu xefe. A mesma palabra servía para designa-lo longo coitelo de aceiro que só o xefe posuía. O coitelo e o xefe eran, por así decilo, sinónimos. O xefe exercía o seu poder nas cazerías e nas guerras con outras tribus facendo uso do coitelo. O coitelo era o símbolo do poder do xefe. Os membros da tribu posuían coitelos doutros materiais, lentos e ineficaces en comparación co do xefe. Un bo día, uns misioneiros católicos chegarón á tribu, e como mostra das súas boas intencións regaláronlle un coitelo de aceiro a cada membro da tribu. Os ben intencionados misioneiros querían fomenta-lo progreso, pois ó chegar observaron que tódolos individuos tiñan que agarda-la presencia do xefe para, por exemplo, cortar e repartir unha peza de caza. Hoxe en día a tribu xa non existe, nin tampouco os misioneiros, pois cada home da tribu, tendo un coitelo de aceiro tiña o poder, non necesitaba da colaboración dos outros, el era o xefe. O resultado final foi unha matanza entre eles e tamén dos ben intencionados misioneiros. ¿Que foi o que ocurriu?

A tribu do exemplo vivía nunha área donde a supervivencia do individuo dependía da súa integración nun grupo. A tribu estaba integrada e unida frente ó medio natural hostil. O xefe, o máis hábil na caza, exercía o seu poder repartindo entre tódolos membros da tribu os alimentos, permitindo un reparto equitativo da comida entre aqueles que peor cazaban pero que cumprían outros cometidos: recolectar, pescar, etc. O seu símbolo de poder, o coitelo de aceiro, *significaba*, entre outras cousas, o reparto do recolectado e do cazado. É dicir, o coitelo de aceiro *estaba por* a unión do grupo frente o medio ambiente hostil. Cando cada home da tribu tivo o seu coitelo de aceiro a unidade do grupo frente ó medio rompeuse. Cada home sentiuse xefe, é dicir, non necesitaba dos outros.

Aplicándonos a nós mesmos o dito, temos que en Galicia vivimos nunha cultura a medias entre a agricultura, a industrialización e o capitalismo de mercado. Se un norteamericano ou un alemán considera a Santa Compaña, a romaría do Corpiño, ou o caciquismo político como costumes ou crenzas irracionais, ¿qué lle poderíades contestar? ¿Ata que punto ten razón e ata que punto está equivocado?

Un antropólogo cultural estudia as culturas das sociedades humanas como todos integrados relativos a ese grupo, a ese momento na historia do grupo e ó nicho ecolóxico natural no que habita o grupo. O traballo dun antropólogo cultural sería, no exemplo da tribu antes citada, explicar porque para os nativos da amazonía o machete non era só un machete. O machete estaba relacionado coa súa estructura de poder, coa súa historia como sociedade, e sobre todo coa adaptación do grupo o medio natural no que habitaban e levaban habitando moito tempo.

COMENTARIO TEXTO (HOLISMO, RELATIVISMO):

TEXTO 4:

"Cultura é a rede de significados atendendo ás cales os seres humanos interpretan a súa experiencia e orientan a súa acción”. C. Geertz 1989.

PREGUNTAS GUÍA:

1. Se entendemos a cultura como un todo integrado, ¿qué quere dicir o texto o afirmar que a cultura é como unha rede de significados?
2. ¿Por qué aporta a cultura significados cos que os homes fan cousas?
3. ¿Cómo é posible que os significados sirvan para facer cousas?

[2] ANTROPOLOXÍA MÉDICA (SISTEMA MÉDICO, BIOMEDICINA, MEDICINA POPULAR GALEGA):

A Antropoloxía Médica é unha especialidade da Antropoloxía cultural que estudia a medicina como un elemento cultural. Estudia a mediciña como un elemento construido culturalmente. É dicir, a Antropoloxía Médica parte do suposto de que cada grupo humano elaborou o longo da súa historia unha forma de enfrentarse a enfermedade. Unha cultura sempre inclúe polo tanto un Sistema Médico. Por exemplo, a Acupuntura é unha medicina de orixe chino. A antropoloxía médica estudia a acupuntura no seu contexto cultural.

Enténdese por Sistema Médico o conxunto de valores e creencias dunha cultura entorno a enfermedade e a saude. O conxunto integrado de prácticas, coñecemento, creencias e valores que definen a enfermedade, os procesos de curación e tratamento, e os seus usos no interior dunha cultura. Temos polo tanto que a cultura galega posúe todo un conxunto de creencias, valores e formas de restablecer a saude e definir a enfermedade. A Biomedicina é para os antropólogos o sistema médico occidental basado nos adelantos científico técnicos da cultura occidental moderna. Pero en occidente existiron desde sempre outras formas tradicionais de enfrentarse a enfermedade e de definir a saude, desde a medicina grega clásica ós curandeiros das estepas rusas. Chamaremos Medicina Popular Galega ó sistema médico específico de Galicia e da súa cultura.

A moderna medicina occidental ou Biomedicina parte do suposto teórico de que o corpo humano é unha máquina biolóxica composta de diferentes sistemas e partes. Un corpo sano é unha máquina que funciona ben; un corpo enfermo ou ferido é unha máquina que require unha reparación mecánica ou un tratamento combinado para eliminar os patóxenos que provocaron o mal funcionamento. A forma básica de tratamento da Biomedicina é o uso de terapias químicas (pastillas ou inxectables) e a correción mecánica (ciruxía, traumatoloxía...). A biomedicina estudia casos ou enfermedades dentro dos parámetros mecánicos ou patolóxicos. O traballo dun médico cun enfermo é polo tanto detectar a enfermedade que é aplicarlle os tratamentos estandar. O médico non considera o paciente como un individuo, nin pon o seu énfasis no contexto socio-familiar.

A Medicina Popular Galega parte do suposto de que o individuo é un ser espiritual, cunha alma ou espíritu que habita no seu corpo. As enfermedades son problemas ou ben do espíritu (porque se perdeu, foi roubado, etc.); ou ben do corpo (albeites, repoñedores, etc.); ou ben das relacións entre ambos (posesión, mal de ollo, etc.). Temos en consecuencia distintos tratamentos para cada tipo de dolencia: curandeiros, meigas, albeites, etc. O traballo dun especialista nesta medicina é identificar o mal no contexto espiritual (familiar e social polo tanto) do seu paciente, e aplicarlle a terapeutica oportuna.

Temos polo tanto que na Galicia actual conviven dous sistemas médicos: por unha banda, a Medicina oficial cos seus médicos de bata blanca, os seus especialistas: psiquiatras, oculistas, dermatólogos,etc.; os seus Hospitais, a Seguridade Social, e as consultas privadas;e por outra banda, todo o conxunto de creencias e prácticas da medicina popular galega, cos seus curandeiros, albeites, romerias e meigallos.

COMENTARIO TEXTO (SISTEMA MÉDICO, BIOMEDICINA)

TEXTO 5:

"A enfermedade, como o resto dos obxectos culturais, ademáis de ser un feito obxectivo, é tamén un "senso", un feito cultural.

A Identidade do enfermo (isto é, o status do que goza e os roles que ten que desempeñar) depende tanto da cultura na que se radica como, dentro dunha mesma cultura, do momento histórico no que vive.

Para descubrir cal é o "senso" de estar enfermo, temos que coñecer:

1. O sistema de “valores” desa sociedade e desa época.
2. Os “saberes” que, sobre o mal, a sociedade desenvolve. E isto tanto a nivel popular como culto
3. As “institucións” de atención ou cura que xenera.”

Marcial Gondar, 1992, “A doenza como forma de cultura”, en Gondar- Gozález, Emilio, *Espiritados*, Santiago, Laiovento; pp. 17.

PREGUNTAS GUÍA:

1. Igual que unha palloza é so comprensible no contexto galego o texto afirma que a enfermedade ten un sentido específico á cultura na que é sufrida. Podes poñer algun exemplo.
2. ¿Qué valoramos na cultura moderna como central no ámbito da saude?
3. Fai unha lista dos saberes que necesita un médico para curar e tratar ós seus enfermos.

[3] ANTROPOLOXÍA MÉDICA DE GALICIA (MEDICINA POPULAR GALEGA; O MEIGALLO / MAL DE OLLO; A ROMERÍA DO CORPIÑO).

Como en tódalas culturas, en Galicia existiron desde sempre formas de explicar e enfrentarse á tolemia ou enfermedade mental. Imos analizar dous doenzas, o Meigallo e o Mal de ollo; e unha romería, a do Corpiño en Lalín, para entender as formas nas que a medicina popular galega tradicional definiu a enfermedade e o seu tratamento, e a saude.

F 2: Mapa Losón, Lalín, Pontevedra.

Galicia estivo durante moito tempo aillada do resto de Europa, cunha economía basada principalmente na agricultura, pesca e gandería de subsistencia e unha escasa industrialización (concentrada xeográficamente en dous ou tres núcleos). No século XXI conviven en Galicia, cunha poboación duns 4 millóns, a agricultura, a pesca e a gandería, a industrialización e un forte desenrolo do sector de servicios. A relixión cristiana católica, especialmente durante os anos da dictadura franquista, foi oficialmente a única existente. Só tendo en conta este contexto económico e cultural é posible entender as formas tradicionais de enfrentarse ás doenzas mentais ou tolemia.


F 3: Igrexa da Virxe do Corpiño, Lalín.

F 4: Virxe do Corpiño en procesión.

O Mal de Ollo ou mal de aire é un cunxunto de síntomas ós que se lle encontraba a causa na mirada ou influencia maléfica de algúnha persoa, animal ou cousa. Dependendo do lugar de Galicia no que nos encontremos o conxunto de síntomas do mal de ollo varía, pero coinciden en designar un comportamento extraño, fora do normal, nunha persoa: van desde as pérdas de apetito e a desnutrición ata a tolemía máis clara. Os tratamentos da sintomatoloxía do mal de ollo, unha vez detectada e

F 5: Virxe do Corpiño en procesión.

definida por un especialista, xeralmente un curandeiro, tamén varían: desde rezar un responso ata a identificación do causante e preparación dun bebedizo con algún elemento do seu corpo (pelo, pel, etc.).

O Meigallo (ramo cativo, mal de envidia, fetizo, etc.) é un conxunto de síntomas ós que se lle encontra a causa na entrada dun espíritu no corpo do enfermo ou espiritado. Dalgún xeito o Mal de ollo é a doenza menor e o Meigallo a maior, tendo ambos unha orixe similar: a influenza de alguen ou algo no doente. Os síntomas do meigallo tamén varían o longo da xeografía galega, pero coinciden no comportamento extraño, tolo, de alguen que ata ese momento era máis ou menos normal. Os tratamentos para o enmeigado van desde o simple responso ata un Ritual de exorcismo nunha Romeria ou na consulta dun curandeiro. A Romería do Corpiño de Lalín está especializada no tratamento do meigallo.

A Romería do Corpiño celébrase nunha parroquia rural do concello pontevedrés de Lalín no mes de xuño. O día da Virxe do Corpiño sácase en procesión a Virxe e os peregrinos pasan por debaixo da Virxe. Ainda que o ritual varia por norma xeral, tras ser diagnosticado como Meigallo, a familia leva o espiritado a romería. Teñen que oir misa e pasar por debaixo da virxe para que o enmeigado logre expulsar o espíritu.

F 6: Romeiros pasando por debaixo da Virxe. Foto: Carlos Puga, baixada de internet.

COMENTARIO TEXTO (SISTEMA MÉDICO, BIOMEDICINA)

TEXTO 6:

"Todos os anos, os días 22, 23 e 24 de xuño, acoden ao santuario xentes enfeitizadas para se curar do meígallo. O ritual estipula que, ao primeiro, os doentes deben resistirse a entraren na igrexa, ao tempo que han xurar e maldicir, (partillando esta actitude con parentes, ou presentes que increpan o demo) e, despois de rematada a misa, deben bicar o santo, co que se producirá a curación. Esta curación acontece cando o diablo abandona o corpo no que se aloxaba. Este momento é crítico, xa que pode darse a circunstancia de que o Maligno penetre noutro corpo dos presentes, polo que é preciso que as persoas que alí se achan manteñan fechada a boca. Para garantir a inaccesibilidade do diablo, os fieis, ás veces, chegan a tapar a boca e os ouvidos con panos". Vaqueiro 1998: pp.333)

PREGUNTAS GUÍAS:

1. ¿Cales son os pasos que se teñen que dar no ritual descrito?
2. Explica brevemente porque crees que o ritual de exorcismo ten que desnrolarse nunha igrexa católica.

3. Partindo do holismo e relativismo, e adoptando a perspectiva dun antropólogo médico, ¿qué relación crees que pode ter este ritual coa economía e ecoloxía de Galicia?

TEXTO 7:

"Todo sistema cultural proporciona, aunque en grado variable, nichos, posiciones, roles para acomodar como miembros funcionales a personas con tendencias psicóticas." Lisón Tolosana 1974, pp. 196-197.

PREGUNTAS GUÍA:

1. Se a tolemia é algo natural, unha enfermedade, ¿qué implicacións ten a tese central do texto?
2. ¿Qué quere dicir que cada cultura dalle os tolos un rol funcional?
3. Aplicando a tese cental o exemplo do Meigallo, ¿qué funcións crees que pode cumplir o exorcismo e o ritual?

[4] A PSIQUIATRÍA (CONCEPTOS BÁSICOS: ENFERMEDADE MENTAL; TOLEMIA; HISTORIA).

A Psiquiatría é a especialidade da biomedicina encargada de definir e tratar a tolemia ou enfermedade mental. Vamos a recorrera historia da psiquiatría para poder entender o concepto de enfermedade mental e os tratamentos creados para ela. Centrarémonos despois en tres enfermedades psiquiátricas: a Esquizofrenia, o Trastorno Bipolar (Maniaco-depresivos), e a Anorexia.

En occidente o tratamento dos tolos na medicina oficial estivo desde o século XIX asociado os Hospitais. Neles se foi elaborando unha clasificación en base ós síntomas dos comportamentos extraños dos ali ingresados, experimentándose con distintos tratamentos para cada un deles. A suposición, coherente co modelo biomédico, sempre foi, e é, que debaixo do comportamento extraño ou tolo duna persoa tiña que existir un desarreglo orgánico, químico ou fisiolóxico (de feito que enfemedades da psiquiatría do século XIX, por exemplo a epilepsia, pasaron a outras especialidades biomédicas cando se descubría a base orgánica que os sustentaba). O lugar donde apuntan tódalas sospeitas dos psiquiatras é o cerebro ou a química reguladora do mesmo. Temos polo tanto que así como nunha enfermedade como a viruela existe un virus detectado e un tratamento, no caso da psiquiatría os nomes das enfermedades ou etiquetas diagnósticas describen rasgos de comportamento, pero nunca un claro correlato orgánico. Veamos algúns exemplos.

O Trastorno Bipolar o padece unha persoa cando ten de xeito periódico dúas fases cíclicas de comportamento: periodos de mania e periodos de depresión; de ahí que esta enfermedade fora anteriormente chamada maniaco-depresiva. Na fase depresiva a persoa ten unha carencia grave de interes tanto en si mesmo como no seu entorno, trastornos de sono, incapacidad de alegria, tristeza profunda e falta de apetito. Na fase maniaca o humor esta anormalmente excitado, eufórico, anormalmente falador, irritable, verborrea, disminución do sono, fuga de ideas, distraibilidade, aumento da implicación nas activiades placenteras, e unha grande inquietude e axitación psicomotora. Mentras que no episidio maniaco o comportamento é dunha persoa que se cree capaz de calquera cousa que acometa, no episodio depresivo poden pasar meses na cama sen poder literalmente levantarse. Para ser diagnosticado como maniaco depresiva teñen que repetirse episodios maniacos e depresivos graves durante anos. Os psiquiatras non saben exactamente cal é a causa do comportamento maniaco depresivo, pero as investigaciones apuntan a un desarreglo químico nos neurotrasmisores. Tras probar moitos posibles tratamentos, nos anos cincuenta do século XX descubriouse que un elemento químico, o litio, servía para estabilizar as fases. O litio non é efectivo en tódolos casos e non se sabe a ciencia certa cómo e porque funciona.

A Esquizofrenia é das enfermedades psiquiátricas máis graves e das que menos información coherente e fiable existe na psiquiatría. A etimoloxía grega da palabra apunta

a unha división da mente ou dobre persoalidade, pero non se corresponde exactamente co que hoxe en día entenden na psiquiatría como ós síntomas da esquizofrenia. Unha persoa é diagnosticada con esquizofrenia cando os síntomas da tolemia que padece son especialmente graves, permanentes e reiterados: alucinacións, dilusiones, confusión emocional, desordenes do pensamento e unha severa separación da realidade. Existen moitos tipos de esquizofrenia na psiquiatría, desde a catatónica na que o enfermo manten unha postura inerte sen contacto algún coa realidade, á esquizofrenia paranoide na que o enfermo ten, entre outros síntomas, unha gran cantidade de alucinacións e comportamentos grandilocuentes. O tratamiento actual das esquizofrenias esta orientado ós síntomas, de tal xeito que se podan disminuir as alucionacións, ou á aprendizaxe de hábitos sociais para formentar a independenza.

A Anorexia é un trastorno da alimentación. O síntomas inclúen unha perda do apetito, aversión a comida, perda de peso, obsesión pola dieta e a reducción do peso, estress emocional e psicolóxico, inducción do vómito. A perda de peso pode conlevar trastornos dixestivos, perda da mestruación e incluso a morte. Este conxunto de síntomas se manifiesta principalmente en mulleres xóvenes da cultura occidental. O tratamento inclúe unha reaprendizaxe dos hábitos de alimentación, tratamento con pastillas e unha coperación plena entre o paciente, a familia e o psiquiatra. As causas que provocan estes síntomas non estan claras, pero a imaxen do corpo ideal trasmitida socialmente fai desta enfermidade unha patoloxía moderna.

COMENTARIO TEXTO (SISTEMA MÉDICO, BIOMEDICINA)

TEXTO 8:

"Partindo de estados como a sífilis, a tuberculose, a fiebre tifoidea, os calcinomas e as fracturas creamos o concepto de enfermedade. No seu comenzo só unhas poucas cousas integraban este concepto, e todas elas compartían a característica común de ser estados funcionais ou estructuais perturbados do organismo humano considerado como máquina físico-química. Co trascurso do tempo foron incluíndose novos items neste concepto. Sen embargo, non se lle agregaron ó concepto de enfermedade porque se descubriran os trastornos orgánicos que tiñan a súa base. En último término o médico desviou a súa atención de estes criterios, concentrándose na incapacidade e no sufrimento como novos criterios para seleccionar. De este xeito, estados como a histeria, a hipocondría, a neursose obsesivo-compulsiva e a depresión se sumaron, en principio con lentitude, a categoría de enfermedade. Finalmente, con creciente ahínco, os médicos e en especial os psiquiatras empezaron a chamar enfermedad (esto é enfermedade mental) a todo aquelo que permitira detectar algún tipo de disfunción, sobre a base de calquera tipo de norma". Szasz 1961 *O mito da enfermedade mental*: pp.55.

PREGUNTAS GUÍA:

1. ¿En que consiste unha enfermedade?
2. Según o texto, ¿Cal é o criterio para encontrar unha enfermedade nunha persoa?
3. ¿Cómo xurdiu o concepto de enfermedade mental?
4. ¿Por qué crees que o título do libro é *O mito da enfermedade mental*?

TRES CASOS DE TOLEMIA EN GALICIA:

PILAR (29 ANOS; ANOREXIA; MANIACO-DEPRESIVA)

Pilar ten 29 anos, é escritora aunque non lle gusta ningunha maneira de etiquetala. Vive nunha vila galega do interior coa súa madre, é a menor de tres irmáns. Naceu en Arxentina, seu pai era galego e a súa nai é inglesa. Pasou a súa primeira infancia viaxándo por toda Sudamérica cos seus padres e dous irmáns. Tras instalarse en Vigo con 11 anos, a anorexia que ela di comenzara dous anos antes, é descubierta na familia. Comenzara a obsesionarse pola súa figura e facía, a escondidas, tódolo posible por non comer: esconder a comida, masticar moito diante dos pais e escupir cando non a miraban; comer en provocarse o vómito ou tomar laxantes. Facía moito exercisio ó mesmo tempo: subia e baixaba escaleras, caminaba de punta a punta da cidade, se apuntara nun ximnasio. Os pais descubren que esta case non osos un día que se declara un incencio no edificio e o pai a collera en brazos. Ela disimulaba a súa delgadez ante os pais con ropas anchas e deportivas.

Primeiro foi tratada en Conxo e despois nunha clínica especializada en Argentina porque según conta naquela época en Galicia non había moita información sobre anorexia e a trataban simplemente con fármacos. Tras varios anos de loita logra supera-la cunha reeducación estricta dos seus hábitos de alimentación e o apoio directo dos seus pais. A anorexia deixoulle secuelas incurables: esterilidade, disfunción renal e ten que levar unha dieta extricta poque o seu corpo non é capaz de dixerir certos alimentos.

Uns anos depois, según me conta, tras superar a anorexia, comenzou a ter periodos de depresión e inactividade seguidos de outros de gran actividade e euforia. Padece o que ela chama a súa locura e unha enfermedade maniaco depresiva. Además de escritora ejerce de terapéuta en medicinas alternativas, que estudió en Reus. Nos días que eu falo con ela levaba catro anos sen medicación, autocontrolándose cunha dieta estricta. Pero unhas semanas antes de coñecela, quizás por aun desengaño amoroso e un momento difícil na familia coa enfermidade da aboa, caeu nunha profunda depresión. De ahí que estivera tomando antidepresivos.

F 7: Panorámica Igrexa Corpiño no día da Romeria

F 8: Saída da Virxe.



F 9: Procesión.

EVA (29 ANOS, MEIGALLO; ROMERIA DO CORPIÑO)

Eva ten 29 anos. O seu home esta traballando en Suiza, leva xa 15 anos emigrado e só ven unha vez ó ano no verano. Ela vive desde que casou ahí nove anos, xunto cos dous fillos pequenos, na casa dos pais do seu home na mesma parroquia rural de Ourense na que naceu. Na mesma casa vive a irma do seu home que ten 45 anos. Todos traballan na horta da casa e coidando dunha pequena explotación gandeira.

Hai uns meses Eva empezou a comportarse de xeito extraño. Mentras que antes era moi emprendedora e traballadora, colaborando sen protestar en tódalas labores da casa, agora costalle traballar. Esta triste e case non come. Pouco a pouco deixou de interesarlle tódolo que lle rodea, incluindo os coidados dos seus propios fillos. Entroulle ademais na cabeza, di, que o seu home ten unha querida ala en Suiza, e que non vai voltar porque a querida quedoulle embarazada. Os seus sogros non lle deron importancia o principio pero cando deixou de coidar dos netos comenzaron a preocuparse. Non quixeron molestar o seu fillo en Suiza e acudiron os irmáns de Eva que viven na mesma parroquia e cos que manteñen unha boa relación pois lles axudan na recollida da pataca, coas vacas e en xeral sempre que fai falla.

O principio foron o médico da Seguridade Social, na capital da comarca. O médico lles dixo que tiña unha anemia, e recetoulle descanso, unha dieta alta en ferro e un feixe de medicamentes. Pero como Eva, co paso das semanas non parece mellorar decidiron ir a un especialista de recoñecido prestixio na Capital, faloulles del unha veciña que tivera tamén unha cousa semellante. O especialista de Ourense dixéralles que Eva estaba deprimida, que padecia dos nervios e que posiblemente estivera relacionado coa anemia anterior. Recetoulle novas pastillas e recomendoulles que a animaran e que fixeran o posible por que o marido voltara.

Eva, o cabo de dous meses, non só non melloraba senón que parecía ir a peor: cada vez falaba máis da querida suiza do seu home, chegara a pegarlle sen razón a un dos seus fillos e lle faltaba reiteradamente o respeto os seus sogros, insultándoos e acusándoos de maltratala. Nin os irmáns de Eva, nin os da casa sabían exactamente que facer, e ainda non avisaran o marido. A súa sogra non dixera nada pero sospeitaba desde

o principio que algo raro e extaño. Cunha veciña e sin decirlle nada ós da casa foi a un curandeiro moi famoso nunha parroquia cercana, describiulle os síntomas e contoulle tódolos detalles. O curandeiro díxolle que o que Eva tiña non era de médicos, porque o

que tiña era un meigallo, alguén lle lanzara un mal aire. El comprometíase a axudarlles e lles recomendaba acudir ó Corpiño para botar fota o meigallo.,

F 11: Eva cun ataque tras pasar debaixa da virxe, irmáns e amigos a empurran e manteñen de pe

Nesto chegou o verano, veu o home de Eva a pasar un mes e Eva, milagrosamente millorou. Volveu a ser de antes, chea de enerxía, traballadora, amable e sempre cunha palabra agradable para todos. Pero tras uns meses de normalidade, xa

F 12: Subindo á Igrexa tras pasar á Virxe

en inverno, volveu ó comportamento extraño. Só que en esta ocasión agudizado: non se levantaba da cama, pasaba a maior parte do día encerrada e apenas comía. O cabo duns meses, xa cerca do final do inverno, perdera case dez quilos. Acudiron de novo ós médicos que lles diron de novo medicación. Os da casa e os irmáns de Eva estaban cada

F 13: Eva subindo cara a Igrexa tras pasar debaixo da Virxe

vez máis preocupados pois veían que nada parecía axudar. Decidiron acudir con Eva o curandeiro.

F 14: Subindo a Igrexa para recibir comunión.

Nada máis entrar pola porta con Eva o curandeiro faloulles de unha muller que lle botara o mal de ollo, describindoa. Díxolles que tiñan que ir a Romeria do corpiño ó 24 de xuño. Tiñan que lograr que Eva pasara por debaixo da virxe e entrar na igresa na misa maior durante os sete días previos ó día da Virxe. Ademais deulles un saquillo que non podían abrir e que tiña que levar atado Eva cando entrara na igrexa. Se saco desatábase ó último día indicaría que o aire que enmeigaba a Eva saira do corpo e que melloraría.

F 16: A Virxe sube á Igrexa.

F 15: Eva empurada cara a Igrexa por coñecidos e descoñeci

F 17: A Virxe levada polo romeiros entra na igrexa

ROBERTO (67 ANOS, MANIACO DEPRESIVO)

Roberto está casado fai 38 anos coa súa muller. Teñen tres fillos xa maiores, dos que só a pequena vive con eles. Viven nunha cidade costeira galega. Leva xa 16 anos cunha incapacidade total pola que cobra unha pensión.

Dous anos despois de casar, xa un fillo, a muller comenzou a darse conta de que algo non andaba ben con Roberto. Pasaba temporadas largas nas que non se movía da cama seguidas de periodos de unha actividade desenfrenada. Como traballaba de vendedor máis ou menos independente lograban sobrevivir pois as ganancias das fases de actividade compensaban o parón das etapas de depresión. O desencadeante foi unha noite na que levouno a casa a policia. Levaba varios días sen chamar nin pasar pola súa casa e esa noite bateu co seu coche contra dunha farola nunha rúa céntrica da cidade donde vivían. Bebera unha grande cantidade de alcohol en na última semana non durmira máis de dúas horas seguidas. Como consecuencia do accidente pasou unha temporada nunha clínica psiquiátrica privada. A súa muller pudo por fin encontrar apoios na familia e amigos, pois cando anteriormente lles contaba o seu comportamento extraño todos lle decían que eran imaxinacións súas.

En principio non lle diagnósticaron nada, pois só estivera na clínica pola fase aguda que acababa de pasar. Co paso dos meses, tras sair da clínica, se sucederon fases de actividade desenfrenada e outras de profunda depresión. Nunha ocasión chegau a desaparecer durante case un mes e finalmente ser encontrado en París sen diñeiro e embargado polas inversións que fixera. Seguindo o consello dun amigo psiquiatra decidiron acudir a un famoso psiquiatra en Madrid. Dianosticoulle unha enfermedidade maniaco depresiva e recetoulle litio.

Co litio as cousas non melloraron inmediatamente no seu comportamento. Pero pouco a pouco, e tras lograr a invalidez total pola enfermedade mental que padece, a vellez que vive hoxe en día é tranquila, con fases menos agresivas.

TOLEMIA EN GALICIA: ANÁLISE CULTURAL DOS CASOS.

GLOSARIO:

ANTROPOLOXÍA CULTURAL OU SOCIO-CULTURAL: Disciplina que explica e comprende o ser humano como ser social e cultural. Os antropólogos pasan longas temporadas convivindo cos integrantes dunha cultura para poder explicalas como un todo integrado relativo ó seu nicho ecolóxico e histórico.

ANTROPOLOXÍA MÉDICA: Especialidade da Antropoloxía cultural que estudia a medicina como un elemento cultural. Estudia a mediciña como un elemento construido culturalmente. Parte de que as doenzas existiron sempre e que cada cultura elaborou un xeito de enfrentarse a elas, de definilas e de tratalas.

ANOREXIA (TRASTORNO ALIMENTACIÓN): Etiqueta diagnóstica da biomedicina. Os síntomas que ha de ter unha persoa para atribuirlle esta enfermidade inclúen: perdas de apetito, aversión a comida, perdas de peso e masa muscular, obsesión pola dieta e a reducción do peso, estres emocional e psicolóxico, inducción do vómito. A perda de peso pode conlevar trastornos dixestivos, perda da mestruación e incluso a morte. Manifiestase principalmente en mulleres xóvenes da cultura occidental.

BIOMEDICINA: Sistema médico occidental moderno que parte do suposto teórico de que o corpo humano é unha máquina biolóxica composta de diferentes sistemas e partes. Un corpo sano é unha máquina que funciona ben; un corpo enfermo ou ferido é unha máquina que require unha reparación mecánica ou un tratamento combinado para eliminar os patóxenos que provocaron o mal funcionamento. A forma básica de tratamento da Biomedicina é o uso de terapias químicas (pastillas ou inxectables) e a correción mecánica (ciruxía, traumatoloxía...). A biomedicina estudia casos ou enfermedades dentro dos parámetros mecánicos ou patolóxicos. O traballo dun médico cun enfermo é polo tanto detectar a enfermedade que e aplicarlle os tratamentos estandar. O médico non considera o paciente como un individuo, nin pon o seu énfasis no contexto socio-familiar.

CULTURA: Cultura é a forma peculiar que ten a especie humana de adaptarse ó medio natural e social, é a súa forma de supervivencia. Cultura ven do latín *colo* e significa cultivo. A cultura é o modo de vida dos homes dunha sociedade, definido polos valores, costumes, normas, bens materiais e crenzas que eses homes comparten (a antropoloxía cultural céntrase no seu estudio). Dada a cantidade de medios sociais e naturais ós que se adaptou a especie humana non existe unha soa cultura senón unha grande diversidade cultural. A cultura humana é simbólica, aprendida e histórica

HOLISMO (*holos*= todo en grego) é un dos axiomas da antropoloxía cultural no seu estudio do home como animal cultural. Unha cultura é analizada e observada como un todo de diversos elementos (creenzas, valores, normas, cousas...). Todos os elementos son diferentes pero están integrados harmónicamente. Implica que cada elemento contribue á construcción da cultura, tendo sentido completo só no seu interior.
Exemplo: unha creenza como o meigallo só pode ser comprendida no interior da cultura galega. Para elo fai falta relacionala coa historia, política e economía de Galicia.

MAL DE OLLO:

MEIGALLO:

PSIQUIATRÍA:

RELATIVISMO:

SISTEMA MÉDICO: O conxunto integrado de prácticas, coñecemento, creencias e valores que definen a enfermedade, os procesos de curación e tratamento, e os seus usos no interior dunha cultura. A biomedicina sería a medicina científica da cultura occidental, só comprensible desde ela, e as Medicinas populares o tradicionales son tamén sistemas médicos.

SOCIEDADE: Sistema de relacións que conectan un grupo de individuos entre si (estudiada pola socioloxía).

TRASTORNO BIPOLAR (MANIACO-DEPRESIVOS):

BIBLIOGRAFÍA:

Geertz, Clifford.
1981 *La interpretación de las culturas.* Barcelona: Gedisa.
Gondar Portosany, M.
1984 *Mulleres de mortos*. Vigo: Galaxia.
1985 *Romeiros do alen.* Vigo: Galaxia.
1993 *Crítica Da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: A nosa terra.
González Duro, E.
1996 *Historia de la locura en España. Tomo III: Del reformismo del siglo XIX al franquismo.* Ed. Temas de Hoy, Madrid.
Harris, Marvin.
1971 *Introducción a la antropología general*, Alianza, Madrid.
Lamo de Espinosa, Emilio et al.
1994 *Sociología del conocimiento y la ciencia.* Madrid: Alianza.
Leach, Edmond.
1976 *Cultura y comunicación. La lógica de la conexión de los símbolos. Una introducción al uso del análisis estructuralista en la antropología social* Siglo XXI, Madrid.
Lerner, Gerda.
1986 *La creación del patriarcado.* Crítica, Barcelona.
Lisón Tolosana, C.
1974 *Perfiles simbólico-morales.* Madrid: Akal
1984 *Antropología cultural de Galicia.* Akal: Madrid.
1985 *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia.* Madrid: Akal.

Montagu, Ashley.
1970 *Homo Sapiens. Dos millones de años sobre la tierra*. Madrid: Guardiana.
Rossi, Ino y O'Higgins, Edward.
1981 *Teorías de la cultura y métodos antropológicos*, Barcelona:Anagrama.
Szasz, Th.
1961 *O mito da enfermedade mental.* Amorrortu: Buenos Aires.
Vaqueiro, Victor .
1998 *Guía da Galicia Máxica*; Vigo: Xerais.